



UNIVERSIDADE DE VIGO

ACTA Nº 5 DO CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

SESIÓN: Ordinaria

LUGAR: Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

DATA: 15 de maio de 2007

HORA DE COMEZO: 13:00 h.

HORA DE REMATE: 14:30 h.

ASISTENTES:

Alonso Rodríguez, Valentina; Cancela Carral, José María; Gago Rodríguez, Alberto; García Soidán, José Luis; García Soidán, M^a del Pilar; Gesteira Iglesias, Nuria; Hernández Sánchez, Jesús; Liste Fernández, Araceli Mercedes; Lorenzo Cimadevila, Henrique; Martí Pellón, Daniel; Mollinedo Lois, Carlos; Ortiz Torres, Luis; Pena Rodríguez, Alberto; Rodríguez Fuentes, Gustavo.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das sesións anteriores.
2. Informe do Reitor.
3. Revisión, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Campus de Pontevedra.
4. Rogos e preguntas.

O Reitor solicita ao Consello de Campus a asistencia das Directoras da Área do Campus, Dna. Antonia Blanco Pesqueira e Dna. Ana Belén Fernández Souto, para complementar a información que se facilite sobre as actuación e actividades desenvolvidas no Campus, o que é aceptado polos presentes.

ACORDOS

1. Aprobación das actas das sesións anteriores.
Apróbanse por asentimento, coas seguintes modificacións na acta da sesión ordinaria do 26 de maio de 2005:
 - Corrección da data de celebración da referida sesión ordinaria, xa que tivo lugar o 26 de maio de 2005 e por erro figura o 14 de decembro de 2005.
 - Supresión da expresión "non fixo os deberes" que figura no punto terceiro da devandita acta.
2. Informe do Reitor.
 - O Reitor informa do escenario que se crea coa aprobación da reforma da LOU e o calendario que se avexa, que inclúe o desenvolvemento de estatutos do persoal docente e investigador e do estudante universitario, así como a elaboración das directrices dos planos de estudo. As novas titulacións de grao deberán comezar a funcionar nos centros universitarios no curso 2010/2011, e toda información dispoñible está accesible na páxina WEB da Universidade. Os vindeiros cambios xustifican que se manteña activa a Comisión de Adaptación dos Estatutos tanto para axustar os Estatutos da Universidade á reforma da LOU como para seguir traballando na adaptación, a medida que se vaian publicando as novas disposicións. Tamén fai referencia o Reitor á inminente aprobación do decreto de habilitación do profesora e á resolución do tema da xubilación do profesorado que finalmente se mantén como estaba. No que atinxe á Universidade de Vigo, informa o Reitor da apertura nocturna das Bibliotecas, da dimisión do Xerente e do Vicexerente, a petición propia e por razóns persoais, e do novo equipo de Xerencia que funcionará provisionalmente. O Reitor cédelle a palabra ao Vicerreitor

do Campus de Pontevedra e as Directoras de Área para que falen máis polo miúdo da información que se refire ao Campus de Pontevedra.

- O Vicerreitor informa que teñen asumidas neste momento dúas competencias, a de Planificación e a de Extensión Universitaria, para as que non contaba con orzamento propio ata a aprobación dos orzamentos da Universidade do ano 2007. A descentralización da actividade deportiva está prevista para xaneiro de 2008.
- No que se refire á Planificación, dende o Vicerreitorado do Campus continuáronse os proxectos xa comezados polo anterior equipo reitoral e realizáronse os axustes das dependencias necesarios para a adaptación as necesidades do Campus. Neste senso refírese o Vicerreitor ao traslado da Facultade de Ciencias da Educación ao novo edificio e as fases que restan para remata-la obra, ao traslado dos servizos centrais á E.U. de Enxeñería Técnica Forestal ou á ampliación da Biblioteca Central do Campus. Informa o Vicerreitor das xestións e conversas realizadas co Concello de Pontevedra en relación aos seguintes temas: o problema das caravanas que periódicamente se instalan no Campus, a parcela na que se ubica a E.U. de Enxeñería Técnica Forestal sen titularidade da Universidade, a aprobación por parte do Concello da urbanización da finca de Tafisa que está en espera do informe da Xunta, a posible construción de vivendas para os estudantes e dunha gardería. No tema da Planificación intervéñ ademais Dña. Antonia Blanco para comentar as obras de mellora e de mantemento levadas a cabo nos distintos centros universitarios do Campus e das que se levarán adiante próximamente, referíndose especificamente ao Pavillón universitario que acumula un importante desgaste por exceso de uso. Dña. Antonia Blanco agradece a colaboración dos distintos sectores que colaboraron no traballo de traslado da Facultade de Ciencias da Educación. O Vicerreitor fai referencia a continuación á situación da Casa das Campás, que pasará a ser a sede da Universidade no Campus e do Vicerreitorado cando estean rematadas as obras que se realizan para a súa adaptación ás novas necesidades, e nas que xurdiron diversos problemas de permisos por tratarse dun edificio histórico. Finalmente sobre a Planificación comenta o Vicerreitor a situación administrativa xerada trala marcha do Administrador do Campus, quen será substituído nun prazo breve, e da necesidade de elaborar un proxecto no que se defina a idea que se quere de Campus, sobre o que se traballará próximamente e se presentará ao Consello de Campus.
- No que se refire ás actividades culturais, o Vicerreitor informa do convenio que se está a tramitar coa Diputación de Pontevedra e de que se está a traballar cara a presentación da programación cultural do outono, dependente da firma de convenios e dos orzamentos dispoñibles. Estase a traballar na creación dun Aula Tecnolóxica Permanente na Casa das Campás, na que se tratarían temas de actualidade e co obxecto de facer máis partícipe á cidadanía, e tamén dunha Unidade de Fisioterapia no Campus, para o que se está en conversas coa E.U. de Fisioterapia. Ademais tense traballado para tratar de estender a Pontevedra algún proxectos que xa funcionan no Campus de Vigo, como son "Ensayamos", para dar oportunidade aos grupos musicais, "Rodamos", para potenciar as producións audiovisuais, ou "Ópera aberta", entre outros; pero aínda non se teñen posto en marcha polas limitacións de uso das aulas existentes. Neste tema intervéñ a Directora de Área, Dña. Ana Belén Fernández, para resumir o listado de actividades culturais realizadas, que comprenden exposicións na Sala X e na Casa das Campás, así como xornadas, obradoiros, conferencias e clases maxistras celebradas nesta última e para as que se conta coa axuda de dous bolsellos de colaboración. O Vicerreitor aproveita para agradecer o apoio recibido do Vicerreitor de Extensión Universitaria do anterior equipo de goberno, D. Óscar Rubiños, e a súa implicación en diversas iniciativas, como a que deu lugar á creación da Sala X. Asemade se informa da continuidade da dinámica herdada de Extensión Universitaria na que se inclúen as actividades extraacadémicas de difusión cultural, os 9 cursos que se celebrarán e 11 obradoiros. Outras actividades que se apoian dende o Vicerreitorado xurdiron por iniciativa dos alumnos, como as que se están a realizar neste momento na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación tituladas "Curtas-GZ".
- O Reitor abre un turno de preguntas. Intervén en primeiro lugar D. Carlos Mollinedo para felicitar aos membros do equipo reitoral pola amplitude do informe presentado e para incidir na necesidade de mellorar o proceso de difusión de actividades e na demanda dunha residencia de estudantes e dunha parada de autobús. Tamén D. Carlos Mollinedo pregunta cómo se cubrirá o posto vacante de Administrador do Campus, cál é o futuro do Pavillón Universitario e se vale a pena a inversión que se pensa levar a cabo nel. O Vicerreitor intervéñ para amosar a súa coincidencia na necesidade dunha estrutura de difusión axeitada e na que se está a traballar, tanto para modificar a páxina WEB como para elaborar algunha edición impresa da información. Sobre o tema da liña de autobús expón o falado deste tema co Concello e sobre a situación do Administrador do Campus reitera a intención de que se

cubra o posto en breve. Dna. Antonia Blanco explica que o Pavillón segue a utilizarse para docencia universitaria e pode ser unha boa moeda de cambio en futuras negociacións, o que xustifica acometer o mantemento do mesmo. D. Carlos Mollinedo insiste no excesivo uso que se fai do Pavillón, por parte de xente externa á Universidade, sendo a Universidade a que se fai cargo dos gastos. Dna. Antonia Blanco explica que o uso externo é consecuencia dos convenios firmados pola Universidade con outras institucións. Sobre a residencia ou vivendas para universitarios, o Reitor informa que non será posible dispoñer de espazo no Campus e que tamén se ten solicitado no entorno de Tafisa, pero sen resposta positiva, sendo nestes momentos necesario atopar terreos xa que a financiación de pisos para estudantes podería correr a cargo da Consellería de Vivenda e Solo. Sobre este tema, D. Carlos Mollinedo pregunta polo sistema de xestión dos pisos, pero non está previsto polo momento.

- D. José Cancela únese á felicitación aos membros do equipo reitoral polo informe presentado e refírese á problemática do uso dos viales polas caravanas que se aparcan e polas motos e coches de autoescolas que fan as súas prácticas nas propias instalacións da Universidade. O Vicerreitor resposta que os viales son responsabilidade do Concello e que nos casos que se comenta pódese avisar pero non esixir. D. Carlos Mollinedo fai referencia a que o propio Concello autoriza o uso das rúas para actividades ruidosas (programa de conducción segura). A este respecto, D. Gustavo Rodríguez informa que as institucións que organizaron algunha actividade ruidosa nas proximidades da E.U. de Fisioterapia contactaron previamente coa Dirección do Centro. D. José Cancela prosegue a súa intervención para informar da importancia da sinatura do convenio co Comité Olímpico Español que suporá a organización conxunta de actividades. Ademais, pregunta se se fará aparcamento para bicicletas no entorno da Facultade de Ciencias da Educación e sobre a posibilidade de construción dunha piscina necesaria para impartir a docencia, que de momento se leva a cabo en instalacións alleas. O Vicerreitor resposta que non figuran esas inversións entre os proxectos inmediatos pero que non parece difícil integralos no conxunto.
 - D. José Luis García Soidán comenta a necesidade de dispoñer dunha marquesina para as persoas que esperan o autobús na carretera vella de Santiago, nas proximidades da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, e tamén dun acceso cómodo entre a Facultade de Ciencias da Educación e a E.U. de Fisioterapia que non supoña pisa-la herba. O Vicerreitor resposta que fará as xestións oportunas en ambos os dous casos.
 - D. Daniel Martí tamén agradece o informe presentado e que se teña a idea de presentar os proxectos no Consello de Campus, o que permite facer valoracións e suxestións que os poidan enriquecer. Insiste novamente na necesidade de mellorar os canles de comunicación, xa que moitas das actividades organizadas pasan inadvertidas.
3. Revisión, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Campus de Pontevedra. Infórmase de que o Regulamento xa se aprobara en Consello de Campus pero aínda non fora enviado para a súa aprobación ao Consello de Goberno. Proponse facer unha modificación no Regulamento de Réximen Interno, previa a este último trámite, de xeito que no artigo 6 relativo á composición do Consello de Campus figure no apartado (b) o texto "O Vicerreitor do Campus de Pontevedra" en vez de "Un Vicerreitor". D. Carlos Mollinedo informa de que o texto que figuraba debíase a que non había Vicerreitor de Campus anteriormente e podería non existir esta figura no futuro. A proposta é entón que figure "Un Vicerreitor que, de existir, sería o Vicerreitor do Campus de Pontevedra", que é aprobada por asentimento.
4. Rogos e preguntas.
D. Carlos Mollinedo felicita ao Reitor polo cambio de imaxe das notas de prensa que chegan a conta de correo de Comunidade e fai o rogo de que antes de Agosto poida celebrarse algunha outra reunión do Consello de Campus. O Reitor e o Vicerreitor informan da intención de celebrar unha reunión por trimestre, como está establecido no Regulamento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

Pontevedra, a 15 de maio de 2007.

A SECRETARIA

Ado. M^a del Pilar García Soidán